

Tal vez...

O teléfono seguía soando pero non había ningunha noticia alentadora, nin sequera unha pequena pista á que aferrarse.

No seu entorno sabíase do seu carácter introvertido, tímido e solitario, pero nunca se sospeitou nada. Tal vez a vida non lle daba o que merecía, ou tal vez a monotonía era tal que preferiu dar un xiro e deixou todo atrás.

Lembro anos atrás cando de nenos xogabamos ás agachadas, sempre era o último en atopar. Un día tardamos tanto en atopalo que nos asustamos moito e avisamos as nosas familias para que nos axudasen a buscalo. Ao cabo de tres horas apareceu bocexando, quedara durmido! E tranquilo que estaba, el era así.

Tal vez volveu sentir a necesidade de estar só e tan só temos que esperar a que esperte e volva. Nesta ocasión parece distinto, quero pensar que tal vez algún día estaremos xuntos outra vez.

Lucía Fernández Gándara 1ºB